


VOLTA VAIA VAIA!

Lugo acolle a 5ª edición do Encontro de Fanzines e Autoedición Vaia Vaia e a presentación do “Gabinete de Autoedición Ambulante”

Lugo, 2 de Outubro – Tras un ano de silencio no que aproveitamos para replantexar o proxecto e volver con máis forza, a Asociación Cultural Vaia Vaia regresa con ilusión renovada. Este outono Lugo acollerá a 5ª edición do Encontro de Fanzines e Autoedición Vaia Vaia, unha cita xa consolidada que, ademais, servirá para lanzar a gran novidade desta etapa: o “Gabinete de Autoedición Ambulante”, a primeira fanzinoteca itinerante de Galiza. A celebración conta coa colaboración da Vicerreitoría de Cultura e estudantes dentro do programa Outono Cultural, que se suma ao apoio desta iniciativa pioneira na difusión da autoedición.

O encontro terá lugar no Pazo de Montenegro e reunirá a 20 proxectos de fanzine e autoedición que abranguen linguaxes diversas como a ilustración, a literatura, o grafismo ou as artes visuais. Durante toda a xornada, artistas e creadoras amosarán, intercambiarán e poderán adquirir os seus traballos, ao tempo que o público poderá achegarse a un espazo único para descubrir publicacións independentes e alternativas. A programación completárase cun obradoiro creativo do artista Mágico Eloy, unha pinchada co DJ Betto, a proxección da curta *El Club del Sida* de Milko Delgado (Pánama) con posterior coloquio co director e un divertido bingo fanzineiro que servirán para dinamizar e festexar a cita. Na súa última edición, celebrada en 2022, o encontro chegou a reunir máis de 50 proxectos galegos, estatais e internacionais, mais este ano a participación redúcese a 20 para dar maior protagonismo á presentación da fanzinoteca.

O Gabinete de Autoedición Ambulante preséntase como un arquivo aberto e plural de fanzines que medrará grazas ás doazóns de artistas, fanzineiros e persoas interesadas. A súa singularidade está en que se trata dunha fanzinoteca en movemento, pensada para viaxar por diferentes puntos de Galiza, con especial atención ao rural, co obxectivo de achegar o fanzine á xente e, ao mesmo tempo, seguir ampliando o arquivo. En cada



parada promoverase a creación dun fanzine colaborativo coa veciñanza, demostrando que calquera pode editar e publicar a súa propia autoedición.

Vaia Vaia é unha asociación cultural nacida en 2020 en Lugo coa vontade de dar visibilidade á autoedición galega, apoiar a artistas profesionais e afeccionades e xerar un ecosistema creativo propio que axude a situar a cidade e a Galiza no mapa da cultura independente. Con esta 5ª edición do Encontro e coa presentación do Gabinete de Autoedición Ambulante, Vaia Vaia abre unha nova etapa máis comunitaria, máis diversa e cunha clara aposta pola autoxestión, a creación colectiva e a democratización da cultura.

CONTACTO DE PRENSA

Asociación Vaia Vaia

hola.vaiavaia@gmail.com

Sergio Marey — 600 337 413

Pía Piadosa — 659 864 717

Helena Rodríguez — 636 756 745